

O adeus poético de Ricardo Carvalho Calero

Demetrio Vilas Losada

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILAS LOSADA, DEMETRIO (2011 [1991]). “O adeus poético de Ricardo Carvalho Calero”. *Dorna*: 17, 123-125. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/634>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILAS LOSADA, DEMETRIO (1991). “O adeus poético de Ricardo Carvalho Calero”. *Dorna*: 17, 123-125.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O ADEUS POÉTICO DE RICARDO CARVALHO CALERO

Demetrio Vilas Losada.

Vai xa para dous anos, o 20 de xaneiro de 1989, tiven a sorte de poder escoitar a Claudio Magris no Col. legi de Filosofía de Barcelona. Nunha sala repleta, presentado —un pouco esvaidamente— por Jordi Llovet, o escritor triestino dictou unha conferencia: “Le gioie del desclassato”. Foi unha interesante disertación feita nun italiano límpido e que entendiamos ata os que nunca estudiamos ese idioma. O autor do famoso *Danubio* deu un repaso —someró e á vez interesante e profundo— a unha serie de escritores que expresan iso, a alegría dos desclasados. E o desclasado é para Magris, partindo de escritores como Kraus, Kafka, Canetti, Svevo e outros máis, aquel que quere ser *Ninguén*, unha cousa, un obxecto, Nada, para liberarse do deber ético (irrealizable) de ser un *Eu*. E despois de pór diversos exemplos, acabou con Svevo, co exemplo do protagonista de *Senilità*, que de noite, pensando que é aquela a hora en que Mefistófeles se lle podía aparecer e propórle o antigo pauto, e que lle ofrecería a súa alma sen pensalo, dálle en matinar a cambio de que. Non pola mocidade, nin pola vellice, nin pola inmortalidade, xa que a vida é horrible. No fondo reconece que nada lle pode ofrecer ó demo. E bótase a rir mentres imaxina a Mefistófeles tirándose da barba e perplexo, como o representante dunha empresa que cada vez ten menos que ofrecer e que cada vez se cotiza menos no mercado. E rindo ruidosamente, déitase.

E todo iso, dicía Magris, porque para Svevo o individuo sempre é un inútil; e o

vello, o inútil por excelencia, mais ten este a oportunidade de xogar con esta inutilidade e encontrarlle unha xustificación ao seu fracaso, xa que un vello, ao contrario dun novo, pode fracasar, pode ser un inútil e pode eludir o deber doloroso de ser feliz e vital: un gañador. E o triestino continuou: “a escritura —dixo— parécese á senilidade. É unha maneira de manterse fóra de xogo, mirándoo todo desde fóra, entendéndoo mellor mesmo que aquel que xoga. Cando se literaturiza a vida, di Svevo, cando se pon por escrito e se le evitámo-la súa insupportable realidade (a da vida)”.

Vai, dicía, para dous anos que tiña estas notas e outras (acompañadas das que me deixou Antoni Marí) da conferencia de Claudio Magris. E hoxe, a finais do outubro de 1990, fun buscalas. ¿Por que? Fun buscalas despois de ler e reler o último libro de poemas de Don Ricardo Carvalho Calero, *Reticências... (1986-1989)*, Sotelo Blanco Edicións. Barcelona, 1990. Libro de poemas póstumo, que o autor entregara ao editor con ilusión de velos publicados; non puido ser, o vello prezo a pagar do que falaba Salvador Espriu, foi limpamente saldado por Don Ricardo e así deixounos a todos máis orfos, máis sós.

Reticências contén, exactamente, ceñ poemas. Divididos en seis partes: Névoa de sol; Ponte de ar; As pétalas da rosa; Cántigas de mulher; Arredor de si; e Ilha de luz. E na maioría destes poemas están presentes moitos dos recursos e temas usados desde a publicación do seu primeiro libro de versos



en galego, *Vieiros* (1931): a técnica dos interrogantes, o didactismo, menosprezo do goce corporal, reflexión, enumeracións, anáforas, coñecemento e experiencia (formas de saber superiores para Carvalho, á poesía), odio á poesía morta, anti-sentimentalismo, certa tendencia ao sermón, etc. Mais tamén aparecen elementos novos: a ironía e, seguindo a Magris, o fóra de xogo.

Carvalho sábese fóra de xogo, contempla o mundo (e o seu arredor máis inmediato; lémbrese que un dos apartados do libro titúlase “Arredor de si”) desde fóra, literaturiza a vida para facela máis soportable, menos horrorosa. Se se len os poemas de *Reticências...*, sobre todo os do primeiro apartado e algúns de “Ponte no ar”, verase como Carvalho Calero practica o fóra de xogo, ve desde “enriba”, describe a soidade do home, avisa(nos): “Só a criatura humana se rebela/contra os desígnios com que Deus

a traça;/desde que o fruto da árbore da ciencia/provou, nom menos que a ser Deus aspira” (pax. 41), e desde ese mirar desde “enriba” o poeta ve que o home, “criatura que quer ser criador”: E o poeta, na vellice, desclasado, sabe que o home non pode ser infinito (sería horrible), nin pode ter a identidade de Deus —ninguén se cría a si mesmo. Noutro momento, esa posición é máis patente, o poeta fai dela un poema, “Halley 1910-1987”; poema que é, tamén, saber que se vai morrer e que, a carón de Deus pai, á esquerda ou á dereita, sosegará, saberá todo ou non saberá nada: “En todo caso, a solución perfecta”. Ou sexa: a Nada, ser un obxecto. ¿Non se le noutro poema, pax. 99, “A miña vida é só vulgaridade./ Só na vulgaridade me transcendo”? Ou sexa, a alegría de non mandar, de non ser máis que ningué, de sentirse, en certa maneira alleo a dores e esperanzas non conseguidas, que

xa non se poden conseguir. Pero no apartado en que máis se nota que o poeta olla, contempla desde fóra, é en “Arredor de si”. Aínda que ás veces nestes poemas o poeta teña que introducirse na lama, ten de facelo porque a lembranza da nenez, da mocidade, dos anos idos, dos sufrimentos, obrígaos a facelo. Querería esquecer dores, odios, absurdos cotiáns. Mágoas que xa, hoxe, cando escribe os poemas, non poden alcanzalo: a morte está na porta. Pero mágoas que aínda existen noutros homes e, ao cabo, o poeta, desclasado, alegre, non pode esquecer. E de aí certos poemas do libro, sobre todo o 4 de “Arredor de si” e o 5 do mesmo apartado: dous poemas contradictorios en certa medida, mais como di o poeta: “Somos realidades, e por isso somos assi, contrários do que somos”.

E a ironía. Ironía que vén dada en Carvalho, aquí, pola reflexión que fai do mundo, polo coñecemento literario que ten do poema. Non é unha ironía demoledora; é unha ironía culta, que non pode chegar nunca ao sarcasmo. Mais, con todo, non é unha ironía chea de matices. É unha ironía, en certa maneira, “gramatical”, de contraste de palabras: “Umha liçom de geografia económica/ nom é farinha pra o coração”, o poema 22 (pax. 34-35), “Mudam os tempos gramaticalmente:/ despois e agora; a espera é saudade”, “A mesma natureza/ xoga estas anomalias./ Nom ten claro o conceito de visita,/ nem os límites da propriedade”, e todo un etcétera que sería longo reseñar.

Mais se o fóra de xogo e a ironía poden ser elementos novos, ou claves, neste libro de Carvalho Calero, os seus vellos “fantasmas” continúan presentes. Contra a poesía morta (vde. a súa auto-poética no tomo IV na *Escolma de poesía galega*, de F. Fernández del Riego) ten varios poemas, poema 34, pax. 52-53,

poema 4, pax. 122-123, de lectura recomendable para moitos poetas. A reflexión que abrolla en case tódolos poemas do libro; a experiencia e o coñecemento, superiores á poesía en Carvalho (xa se dixo), e como exemplo sería o poema 10 da pax. 72, que fan prosaicos moitos dos poemas. A falta de ritmo e musicalidade é un dos maiores atrancos á hora de ler esta poesía. O poeta coñece os versos e sabe facelos, mais fáltalle ritmo, musicalidade, quizais o instinto. A técnica de interrogación presente en moitos poemas deste volume; a carencia de sensualidade (os poemas á muller, mesmo poemas que, alargando o termo, podíanse considerar eróticos, fallan porque os versos son “ariscos”, duros, mesmo rudos). O xogo ultraísta da imaxe, que vén dos primeiros poemarios do poeta: “Na imaculada confusom da ria/ abóia o fado da esquizofrenia”, do poema “De Combarro a Arca”, todo el un poema ultraísta. O uso da anáfora, omnipresente aquí así coma o das enumeracións e que sería longo reseñar. O léxico depurado; o amor á palabra “As palavras non deben profanarse. É o logos/ quem configura o cosmos. Se as degradadas,/envilecem as cousas e afeiam o que é belo” (pax. 54). A formación humanista clásica, a mitoloxía (que abrolla sobre todo no último apartado “Ilha de luz”), a cultura literaria como non podía ser menos, a visible pegada de Rosalía (“Beijou aquelas mans tam quotidianas/como se fosse o derradeiro bico./Receberom-no elas qual se fosse/unha pinga da fonte sempre a rir”, pax. 93), a variedade de formas poéticas e de versos, aínda que prime o decasílabo (ou endecasílabo castelán) e o verso libre, mais non faltan alexandrinos brancos e tampouco sonetos, etc. Todo iso conforma o, para min, máis interesante volume poético de Ricardo Carvalho Calero: *Reticências... (1986-1989)*.